



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

SEC 2016-209

SELECCION PERSOAL VEHICULO AUTOBOMBA PREVENCION E DEFENSA INCENDIOS FORESTAIS

En Laza a, 6 de Xullo de 2016

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DOS CONDUCTORES PARA A PARTICIPACION NA PREVENCION E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACION DE DOUS VEHICULOS AUTOBOMBA DO CONCELLO DE LAZA, CON BOLSA DE CONTRATACIÓN ENTRE OS ASPIRANTES NON SELECCIONADOS.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

1. O obxecto das presentes bases é regular a contratación por este concello dos **CONDUCTORES**, conforme co previsto no convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Laza para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de dous vehículos autobomba.
2. O contrato que se subscribirá é o que regula o artigo 15.1.a) do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo.
3. A relación laboral estará determinada polo que así establece o Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Laza para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais.
4. Funcións: labores de prevención e extinción de incendios forestais, durante cada un dos meses, con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas necesarias.

SEGUNDA. Bases específicas.

- 1.1 Número de prazas: As precisas según a necesidade do servizo, quedando unha bolsa de traballo entre os aspirantes que non son seleccionados.
- 1.2 Categoría profesional: Conductor camión autobomba do Concello de Laza.
- 1.3 Duración: Según establecido no convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Laza para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais.
- 1.4 Contrato laboral a formalizar: obra ou servizo determinado.
- 1.5 Xornada laboral: completa.
- 1.6 Salario bruto mensual: 1.050,00 € (incluídos tódolos conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias).

TERCEIRA. Condicións e requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes a tomar parte no concurso deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:



- a) Ser español ou cidadán dalgún Estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como extranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder da idade máxima de 60 anos, recomendada polo Comité de Loita Contra Incendios Forestais (CLIF).
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que aspira. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.
- f) Para optar deberá ter permiso de conducir clase C.

Todos estes requisitos deberanse reunir con referencia ó día das probas de selección de persoal.

CUARTA.- Criterios de selección, puntuación e xustificación.

Os méritos a valorar, segundo a puntuación e acreditación que se especifica, son os seguintes:

1. Titulacións.

Será obrigatorio a posesión do permiso de conducir C.

2. Coñecemento do medio físico: Máximo 2 puntos.

- Realización dunha proba tipo test que versará sobre os montes, ríos, núcleos de poboación, estradas, etc. Serán oito preguntas e puntuará cada unha 0,25 puntos. Como mínimo esixiránse catro respostas acertadas.

3. Experiencia profesional: Máximo 2 puntos.

- Por servizos prestados no Concello de Laza na mesma categoría á que se opta: 0,10 puntos/mes, ata un máximo de 1 punto.

- Por servizos prestados noutras Administracións Públicas na mesma categoría á que se opta: 0,10 puntos/mes, ata un máximo de 0,50 puntos.

- Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría á que se opta: 0,10 puntos/mes, ata un máximo de 0,50 puntos.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada, e/ou copia dos contratos de traballo ou certificados das empresa. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

4. Exame Práctico: Máximo 4 puntos.

Realizarase unha proba práctica consistente na condución do vehículo autobomba municipal ó longo dun percorrido que se lle sinale ó candidato có fin de avaliar os seus coñecementos e pericia do manexo do citado vehículo, así como funcionamento da bomba, enchido de cisterna, valeirado do corpo da bomba, etc. O candidato será acompañado polo examinador



superior a tres meses respecto da data última de presentación de instancias.

3. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

4. Rematado o prazo, o Alcalde aprobará a lista de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello. A mesma resolución do alcalde conterá o lugar, data e hora de reunión da comisión avaliadora e realización das probas.

SEXTA. Selección.

1. Unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes, e ós efectos de avaliar os méritos acreditados, reunirse unha comisión, que estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente.
- Vocais
- Secretario

A comisión está facultada para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficacia.

O tribunal valorará a documentación presentada de acordo co baremo de méritos que figuran nas presentes bases.

Por resolución da Presidencia aprobarase a lista de admitidos e excluídos ao concurso, que se fixara no Taboleiro de anuncios do Concello de Laza, se fora necesario concedéndose un prazo de un día hábil para reclamacións subsanacións de erros ou aportación de documentación complementaria a presentar no Concello de Laza.

En dito Taboleiro tamén aparecera a data de realización da valoración de méritos aportados e entrevista, probas físicas e prácticas, relacionadas co contido da praza que se convoque, para valorar a idoneidade, motivación e adecuación ao posto de traballo.

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas, que será exposta no Taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de un día hábil para reclamacións ou subsanacións de erros a presentar no Concello de Laza.

A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de contratación, se dentro dos catro primeiros seleccionados para peóns non hai un que teña o permiso de conducir B se seleccionarán os tres primeiros e o cuarto a seleccionar será o primeiro da orde de clasificación que esté en posesión de dito permiso.

De acordo coa relación, elevarase ao Alcalde, ademais da acta da sesión, a proposta de nomeamento dos aspirantes aprobados, procedendo o Alcalde ó nomeamento dos aspirantes seleccionados, efectuándose a formalización do correspondente contrato laboral.



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Cos traballadores que superasen a proba física poderase facer unha listaxe por orden de puntuación que no suposto de renuncia dalgún dos traballadores contratados con anterioridade a finalización da obra, substituirase por outro traballador de similares características.

Para efectuar esta proposta, a comisión avaliadora poderá pedir os informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes.

SÉPTIMA. Recursos.

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Laza no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación ou recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpor calquera outro que estime procedente.

ANEXO I: Modelo de instancia

NOME E APELIDOS _____

DNI _____ DATA NACEMENTO _____

C/ _____

LOCALIDADE _____ PROVINCIA _____

CODIGO POSTAL _____ TELEFONO _____

EXPON:

Que tendo coñecemento da convocatoria para a selección de:

- Conductor camión autobomba do Concello de Laza.

Considera reunir os requisitos esixidos nas bases de dita convocatoria e achego a documentación precisa para elo; e polo que,

SOLICITA:

Ser admitido o proceso de selección para a praza de.

- Conductor camión autobomba do Concello de Laza.



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

Laza ___ de ___ de 2016

Asdo. _____

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LAZA.

ANEXO II: Modelo de declaración xurada

D./Dña....., con DNI
..... e domicilio
en....., declaro que
reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou
incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación
vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das
Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades
Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou
cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou
para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora
separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación de 2
conductores para o camión autobomba do Concello de Laza, asino a presente declaración,
baixo a miña responsabilidade, en Laza,.....de.....de 2016.

(Asinado polo/a interesado/a)
SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LAZA

O Alcalde

Asdo. José Ramón Barreal Novo